



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 03/2011

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u></b> D. José María García Rivera.</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D<sup>a</sup> Ana A. Incera Ares. D<sup>a</sup> Elsa Otero Otero. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D<sup>a</sup> Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D<sup>a</sup>. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D. M<sup>a</sup> Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do trinta e un de marzo de 2011, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	---

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24-02-2011.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 24 de febreiro de 2011 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

A Secretaria manifesta que hai un erro de transcripción no punto 1 da orde do día, de maneira que onde di "30-12-2010" debe dicir "31-01-2011".

Non habendo mais intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión coa corrección sinalada, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### 2.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DAS PERSOAS AFECTADAS POLAS HIPOTECAS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 24 de marzo de 2011, sobre a moción do BNG en defensa das persoas afectadas polas hipotecas.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra o portavoz do BNG para explicar que a idea da moción é o problema que se está a vivir coas hipotecas, xa que unha vez que non se pode pagar hai que devolver a vivenda e hai que seguir pagando ao banco, e incluso poden embargarse mais bens. Continúa dicindo que o sentido da moción é pedir que unha vez que se entrega o ben hipotecado se cancele a débeda.

O portavoz do PP manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción e destaca que é moi lóxico o que se pide, xa que o goberno está favorecendo aos bancos. Explica que en caso de que se poda negociar deberíase poder aprazar a débeda para poder pagar antes que entregar o ben.

O Sr. Alcalde contesta que o Goberno non está a favor dos bancos, di que o seu grupo está a favor da moción, pero que hai que dicir que houbo persoas que se hipotecaron alegremente porque llo permitiu a banca e todo o mundo sabe o que pasou coas hipotecas e agora os bancos están cargados de pisos, aínda que tamén a banca é responsable do que está pasando.

Rematado o debate procédese á votación do asunto, aprobándose por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar da Xunta de Galiza a que inste ao Goberno do Estado a:

1. Impulsar unha reforma lexislativa en materia civil, hipotecaria e procesual dirixida a protexer as persoas cuxa vivenda hipotecada é residencial habitual, que contemple:

a) Admitir a dación en pagamento como cancelación da totalidade da débeda hipotecaria.

b) Posibilitar que nos procesos xudiciais de execución hipotecaria, existan mecanismos de oposición a favor das persoas bebedoras que conduza a unha moratoria no pago dos prazos pactados acomodándonos á situación económica da persoa debedora, á transformación nun contrato de arredamento con opción a compra ou á condonación parcial da débeda.

2. Vincular calquera axuda pública ás entidades financeiras a aceptaren un Código de Conduta sobre execucións hipotecarias onde se comprometan a negociar coas persoas debedoras que atravesan dificultades económicas e destinan o inmóbel a residencia habitual, unha moratoria no pago da débeda axunstando á evolución da situación económica.

### **3.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS E NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 24 de marzo de 2011, sobre adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais e na Comunidade Autónoma de Galicia.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo intervencións procédese á votación do asunto, aprobándose por unanimidade o seguinte acordo:

Aprobar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da administración electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 4.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2011.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 24 de marzo de 2011, sobre o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2011.

Toma apalabra o Sr. Fernández Manín para resaltar que durante toda a lexislatura estiveron cos mesmos lemas, se gasta mais do que hai. Hai facturas polos gastos do temporal que dixo o Sr. Alcalde que as ían pagar outras Administracións. Manifesta que estivo consultando actas dos plenos celebrados cando gobernaba o PP no Concello e recorda que o Sr. Rivera non apoiaba os recoñecementos extraxudiciais que se levaban daquela ao Pleno. Di que a principios do ano 2010 había un remanente de un millón de euros e ao cabo do ano non hai ese remanente. Pero o que teñen claro é que as empresas non teñen a culpa de que non se lles pague, polo que o seu grupo vaise abster e declina toda a responsabilidade dos expedientes no Equipo de Goberno. Conclúe dicíndolle ao Sr. Alcalde que tome nota, por si a próxima lexislatura se atopa na oposición.

O portavoz do BNG manifesta que o seu grupo mantense na postura do Pleno anterior, cos mesmos argumentos.

O Sr. Alcalde intervén para contestarlle ao SR. Fernández Manín que ninguén pode predecir quen vaia gobernar nas próximas eleccións, pero quen estea verá que é moi difícil, xa que o orzamento de 2008 non é o mesmo que o de anos posteriores.

Rematado o debate procédese á votación do asunto, obténdose os seguintes resultados:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 3 (BNG):
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2011 por importe de **288.883,32 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figura nos seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

Os gastos a regularizar son os que se inclúen nas relacións de facturas cos números 77 e 2 que forman parte do expediente que comezan respectivamente pola factura de ISOLUX CORSAN por importe de 427,48 euros e remata pola de MARINA ABAD LOPEZ por importe de 1.369,06 euros, constando de 33 páxinas, e un importe total de 260.626,62 euros; e a segunda pola factura de LIMPEZAS GALA NOIS por importe de 1.362,90 euros e remata pola de MRW por importe de 130,61 euros, constando de 7 páxinas, e un importe total de 28.206,60 euros.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**Segundo.-** Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2011 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados de facturas, nas que se realizará a correspondente retención.

### 5.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

#### A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 16 DE FEBREIRO AO 21 DE MARZO DE 2011.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 16 de febreiro ao 21 de marzo de 2011 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

#### B.- DACIÓN DE CONTAS DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO DO EXERCICIO 2010.

Dáse conta da liquidación do orzamento xeral prorrogado, quedando enterados os Srs. Concelleiros.

#### C.- MOCIÓNS.

O PP presenta dúas mocións de urxencia:

1) Moción reclamando un reforzo dos medios dispostos para paliar a incremento dos actos delictuosos na Mariña Lucense:

#### **“MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR RECLAMANDO UN REFORZO DOS MEDIOS DISPOSTOS PARA PALIAR O INCREMENTO DOS ACTOS DELICTUOSOS NA MARIÑA LUCENSE**

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O Grupo Municipal Popular constata que a crecente vaga de roubos e outros actos delictuosos está a xerar grande inqueda e preocupación nos veciños da Mariña Lucense. Os datos oficiais amosan que esta comarca está a sufrir o maior incremento deste tipo de delincuencia nos últimos 20 anos o que sen dúbida acrecenta a sensación de inseguridade cidadá.*

*Esta preocupación non responde so ás numerosas accións delictuosas perpetradas contra comercios e establecementos de hostelería, que reflicten a diario nos principios medios de comunicación, senón incluso con accións que teñen lugar en vivendas particulares e contra persoas.*

*Só na localidade de Ribadeo, as estadísticas policiais rexistran máis dunha trintena de roubos e tamén un aumento do número de furtos, que teñen acadado a quincena de casos. Ademais esta vaga de delictos se está a propagar con grande virulencia ao resto da comarca, o que fai temer que esteamos ante a acción de grupos organizados.*

*Estes episodios coinciden no tempo coas alertas e queixas formuladas polos colectivos profesionais ou sindicatos dos corpos de forzas de seguridade do Estado quen, nos últimos*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

*meses, veñen denunciando a precariedade de medios persoais e humanos dispostos na Mariña lucense. Con todo, aínda que a Subdelegación do Goberno central fala do despregue dun operativo extraordinario, á luz dos acontecementos, este se ve amplamente superado.*

*Polo exposto o Grupo Popular somete á consideración do Pleno da Corporación Municipal o seguinte*

### PROPOSTA DE ACORTO

O Pleno da Corporación municipal acorta:

- 1. Instar ao Goberno central para que incremente os medios a disposicións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado nas bisbarras da Mariña Lucense, e a que emprenda as accións necesarias para garantir a seguridade dos cidadáns e combater a crecente vaga de roubos e outros episodios delituosos.*
- 2. Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno de España, ao Ministerio do Interior, á Subdelegación do Goberno en Lugo e aos grupos parlamentarios do PP, PSOE e BNG, con representación na Cámara galega e nas Costes Xerais”.*

En primeiro lugar sométese a votación a urxencia da moción, resultando aceptada por unanimidade.

O portavoz do PP toma a palabra para explicar que se trata da cantidade de roubos que está a haber na zona da Mariña, así que instan ao Goberno Central a que poña os reforzos oportunos.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo está de acordo, xa que o que se faga para que a xente teña seguridade é bo.

A continuación procédese á votación da moción, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno central para que incremente os medios a disposicións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado nas bisbarras da Mariña Lucense, e a que emprenda as accións necesarias para garantir a seguridade dos cidadáns e combater a crecente vaga de roubos e outros episodios delituosos.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno de España, ao Ministerio do Interior, á Subdelegación do Goberno en Lugo e aos grupos parlamentarios do PP, PSOE e BNG, con representación na Cámara galega e nas Costes Xerais.

2) Moción sobre o apoio á retirada da suspensión cautelar da Lei 12/2010 de racionalización do gasto farmacéutico:

**“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE FOZ “APOIO Á RETIRADA DA SUSPENSIÓN CAUTELAR DA LEI 12/2010 DE RACIONALIZACIÓN DO GASTO FARMACÉUTICO”**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

- O sábado día 5 de febreiro tívose coñecemento de que o Goberno central aprobou a activación do recurso de inconstitucionalidade contra a Lei do Parlamento de Galicia 12/2010, de 22 de decembro de Racionalización do gasto farmacéutico.
- O pasado 11 de marzo, o Tribunal Constitucional comunicou ao Presidente da Xunta dito recurso de inconstitucionalidade e o conflito de competencias contra o Acordo da Xunta subseguinte polo que se aprobou o catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia.
- En dita comunicación o Alto Tribunal manifestaba que o Presidente do Goberno invocou o previsto no artigo 161.2 da Constitución o que producía a suspensión da vixencia e aplicación dos preceptos impugnados.
- Os países máis desenvolvidos do entorno europeo están a prescribir porcentaxes de xenéricos moi elevados, entre o 40 e un 60%. De acordo cos datos proporcionados pola Consellería de Sanidade, dende a aplicación da Lei 12/2010 en xaneiro de 2011, Galicia ten conseguido superar a media nacional de prescrición de xenéricos, situándose nun 30%, sendo esta subida moi notoria cando en xuño de 2009 a porcentaxe era de 10,7%, a máis baixa do Estado Español.
- Por outra banda, a aplicación do catálogo polo SERGAS, conseguiu unha baixada do gasto farmacéutico, en febreiro de 2011, superior a 11% con respecto ao gasto do mesmo mes en 2010.
- O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pronunciouse, de xeito contundente, no seu auto sobre a petición de suspensión do Acordo da Xunta que pedía a Federación de Farmacos de Galicia (FEDFAR), dicindo que, nin na peor das hipóteses manexadas polo recorrente provocaría un prexuízo xeral aos pacientes e considera que a posposición da vixencia do Catálogo resultaría alarmante para a Administración xa que comportaría a privación do aforro para as arcas públicas e, por ente, a ausencia da súa reinversión ou reutilización no ámbito da saúde.
- Estes datos veñen a amosar que a Lei 12/2010 é unha ferramenta de xestión sanitaria non só eficaz senón efectiva por canto non só cosegue o aforro esperado senón que non supón ningún detrimento da prestacións sanitarias.
- Esta medida beneficiosa está agora interrompida, de xeito brusco, pola presentación do recurso e a invocación da súa suspensión. Non obstante, cabe a posibilidade de que o Estado a través do Goberno facendo uso da potestade que lle atribúe o poder solicitar a retirada da suspensión da norma de forma cautelar, e establecer só a cuestión competencial ao mencionado Tribunal.

Por todo o anteriormente exposto, o **grupo municipal popular, propón ao Pleno** do Concello de Foz, a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Instar ao Goberno do Estado, para que no uso das súas facultades, **retire a petición da suspensión cautelar da Lei 12/2010 de Racionalización do gasto farmacéutico.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2. *Dar traslado do presente acordo ó Presidente da Xunta e aos portavoces dos grupos con representación no Parlamento Galego”.*

En primeiro lugar sométese a votación a urxencia da moción, resultando aceptada por unanimidade.

O portavoz do PP di que todo o mundo sabe que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditaminou que si, pero pídese que se apoie a retirada da suspensión cautelar mentres o Tribunal Constitucional non decide.

O Sr. Alcalde manifesta que eles non están de acordo con iso e o manifestan con total contundencia, xa que viuse coma eliminábanse moitos medicamentos, non están en contra dos xenéricos, pero si en contra do catálogo que puxo a Xunta, por exemplo a unha persoa que estaba tomando cardil e que eliminouse da receta médica dábanlle outra cousa que igual non toleraba. Di que xa se volveu á normalidade, si se quere facer iso débese acordar por tódolos grupos políticos, polo que o seu grupo vaise manter en contra da moción. Pregunta por que Galicia ten que ser diferente a outras Comunidades Autónomas. Recorda o que se falaba o outro día no Salón de Plenos de que subiu a luz, o gas, pero a medicina tamén constitúe un imposto grande, o seu grupo vai velar por unha sanidade gratuíta, xa que veu na tele o día anterior que representantes do PP queren ir ao copago coa sanidade e a educación e iso non pode ser, xa que diso vanse beneficiar uns en concreto e non os cidadáns.

Intervén o Sr. González Basanta para recordar que non só o PP fala de copago.

Contéstalle o Sr. Alcalde que ese día non veu as noticias.

O portavoz do BNG continúa dicindo que si se poñen así tampouco se aprobarían outro tipo de normas porque terían sempre algo negativo. O seu grupo está a favor dos xenéricos e esperará a ver que di o TC, pero estarán vixiantes a ver que se fai co que se aforra, porque deben ir destinados eses cartos á atención primaria.

O Sr. Alcalde replícalle que lle extraña que un partido coma o BNG apoie iso e comulgue con que vai a reinverter, o seu grupo está de acordo cos xenéricos, pero hai que facelo coma hai que facelo.

Rematado o debate procédese á votación do asunto, obténdose os seguintes resultados:

- Votos a favor: 7 (PP e BNG).
- Votos en contra: 6 (PSOE):
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno do Estado, para que no uso das súas facultades, retire a petición da suspensión cautelar da Lei 12/2010 de Racionalización do gasto farmacéutico.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ó Presidente da Xunta e aos portavoces dos grupos con representación no Parlamento Galego



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### D.- ROGOS E PREGUNTAS.

#### ROGOS:

O PP realiza os seguintes rogos:

1) Segundo a nova que aparece nos medios de comunicación vaise alugar unha finca para a traída da auga, roga que se fagan os cálculos para comprar a finca.

O Sr. Alcalde contéstalle que non é o que queira o Goberno nin o PP, senón que alí hai unha finca que é estratéxica e se o dono non quere vendela non se lle pode obrigar, e aclara que se puxeron 6 anos podendo poñer mais para ver si se chegaba a un acordo. Di que si lle dan unha solución tómase, explica que alí en principio íase reparar o depósito existente e facer outro, pero chegouse á conclusión de que o vello non valía para nada e se van facer dous novos. Cambiouse a auga de Fazouro e vai recta dende o depósito, e conseguiu todos os terreos de baixada e cederon todos os veciños, entre eles ese propietario do arrendamento; e baixa a auga e non molesta a ninguén. Agradécelle iso aos veciños.

#### PREGUNTAS:

O PP realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Cree que o traballo que está a desenrolar o persoal do Lugo Emprega é digno?

O Sr. Alcalde contéstalle que el dille aos encargados que teñen que traballar para que o pobo estea limpo, pero non lles di cómo o teñen que facer, iso é o encargado o que llo ten que dicir. Aclara que falou co encargado e ninguén sabía nada, pero se eles están mais cómodos así non di nada. Continúa explicando que o encargado dixo que había sitios en que se mete a herba e custa mais sacala e que estaban sen roupa de traballo os que viñeron de Lorenzá, que non os quixeron s do PP. Conclúe dicindo que ten que ver mais en detalle o tema, porque está falando moi por enriba.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 15 minutos do trinta e un de marzo de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº  
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.